

concello de Padrón
D INTERESE TURISTICO



CONCELLO
D PADRÓN



Padrón
Berce do Xacobeo



O Pedrón. Ara romana que se atopa na igrexa de Santiago de Padrón.



Capela do Santiaguíño do Monte.

Historia e tradicións

Padrón, municipio situado ao sur da provincia da Coruña, límite coa de Pontevedra, aséntase nunha ampla veiga entre os ríos Ulla e Sar, porta natural da ría de Arousa. O nome da Vila, probablemente proceda do “Pedrón”, ara romana que se garda baixo o altar maior da Igrexa de Santiago.

A tradición xacobeá vincúlao como o lugar de amarre da barca Apostólica, que guiada por un anxo, conduciu desde “Haffa” en Palestina ata o porto de Iria Flavia o corpo sen vida do Apóstolo Santiago (s. I), acompañado dos seus discípulos Teodoro e Atanasio.

A Vila ten a súa orixe no século X, como un alfoz de Iria Flavia, xurdindo á beira dun río, o Sar, que ata ben entrada a Idade Media era navegable.

Padrón xorde nunha encrucillada de camiños, un lugar de peregrinacións xacobeas. A estrutura urbanística conserva unha disposición medieval, as rúas son estreitas e dispóñense ao redor dun eixe central, a Rúa Longa, da que transversalmente parten as demais, intercaladas por pequenas praciñas.

Ata a Idade Moderna posuía dous portos: un exterior no río Ulla, lugar da Ponte, e outro interior en Murgadán á beira do río Sar.


O Foro que lle concedeu o Rei Fernando II de León (1164), por ser o lugar de arribada do Apóstolo, transformou o burgo padronés nun núcleo urbano, obtendo a Vila exen-

cións fiscais, e privilexios políticos nos reinos da monarquía, confirmados por todos os monarcas ata o Rei Felipe V (1701) e depositados no Arquivo Histórico Municipal.

No século XV, Padrón padeceu os avatares da Revolta Irmandiña (loita entre o arcebispo e os cabaleiros), constituíndose na Vila unha “Irmandade” (1467) que levaría á destrución da fortaleza da Rocha Branca en Iria Flavia (un dos castelos máis fermosos do arcebispo) e da Torre Moucha, atalaia defensiva, arrimada á Igrexa Parroquial.

Coa introdución do téxtil, s. XVII, prodúcese na Vila unha importante protoindustrialización que duraría ata mediados do s. XIX e na que operarán compañías propias que comerciaban cos diversos países europeos.

A inicios do século XIX padecería as consecuencias da Invasión Francesa, con saqueos no Convento do Carme, no de Herbón e no Santuario da Escravitude. Desde o século XVIII, ostenta a denominación de moi leal e nobre Vila de Padrón. Cabeza de partido xudicial (3/2/1820) e Municipio Turístico (7/2/2000).



Penas do Santiaguíño. Segundo a lenda, lugar de prédica do Apóstolo Santiago.



O Espolón co monumento á memoria de Camilo José Cela.

minicos. Sobresaen as tallas da Virxe do Carme, obra de Felipe de Castro (1704-1775), a Virxe das Angustias, Cristo coa Bóla do Mundo, obras de José Ferreiro (1738-1830). Desde o seu magnífico adro, tense unha espléndida vista da Vila.

Pazo de Quito, 1666, edificio renacentista de Melchor Velasco Agüero, realizado por encargo de D. Alonso de la Peña y Montenegro, reitor da Universidade Compostelán, arcebispo e capitán xeral de Quito.

Pazo do Concello. Reformado no 1794, obra do mestre don Francisco Domínguez. Na fachada, escudo pétreo municipal, esfera do reloxo inglés da mesma época. No salón de plenos, imaxe de San Xoán Anteportam Latinam (vulgarmente coñecido como San Xoán do Raio), un lenzo do s. XIX, obra do pintor local Balsa de la Vega, representa ao frade e poeta medieval Juan Rodríguez del Padrón e no último andar dependencias do Arquivo Histórico Municipal.

Edificio de Alfoli do Sal, pósito de venda de sal do século XII.

Casas brasonadas e galerías do casco histórico, testemuña dun pasado florentino.

Xardín Histórico-Artístico, s. XIX, con numerosas especies arbóreas, exemplares únicos: palmeira do Senegal, sequoias, carballos, hibiscos de Siria, etc. Declarado monumento artístico nacional desde 1946. No interior, bustos do poeta medieval Macías e do insigne rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Vía Crucis de acceso ao Santiaguíño. Dende Padrón ao cumo do monte, 125 chanzos, obra do s. XIX, patrocinada polo mecenas padronés Vidal Cepeda.

Santiaguíño do Monte, santuario xacobeo, integrado polas penas, a casa do ermitán, fonte e ermida. Na porta oeste, escudón do arcebispo Rodrigo de Luna (s. XV): no in-



A Ponte de Santiago e o Convento do Carme.

Monumentos

Cruceiro de Fondo de Vila, s. XV. Pedestal con figuras da paixón: salamántigas, tibias e caveiras. Varal coas imaxes do Apóstolo peregrino e San Juan.

O Espolón, Paseo fluvial, s. XIX, recuberto artisticamente por plátanos e presidido ao norte pola Estatua de Rosalía de Castro, 1957, obra de José María Mateos. Ao sur, a de Camilo José Cela, obra de Ferreiro Abadía, 2003. Todos os domingos do ano desde a Idade Media, celébrase nel, un típico mercado, no que se venden todo tipo de mercadorías, atraendo a miles de visitantes.

Igrexa de Santiago de Padrón, 1876, de estilo neoclásico, José Piquet, levantada sobre un templo románico, obra do arcebispo Xelmírez (1123). Reformada nos séculos XVI e XVII. No interior atópase o Pedrón, ara romana, un púlpito gótico (s. XV) da época do arcebispo Rodrigo de Luna, no que está esculpida unha bela imaxe de Santiago Peregrino. Dous lenzos, representando a chegada en barca do Apóstolo Santiago (s. XVII), e dous relevos, en táboa, recentemente recuperados nos que se representa o bautismo da Raíña Lupa, e a chegada en barca do Apóstolo Santiago a Padrón.

Ponte Santiago, 1904, obra de Juan Peón, reconstruído sobre unha ponte medieval.

Fonte do Carme, 1577. Reformada en 1789. Iconografía xacobeá, representando a chegada do Apóstolo a Padrón e o bautismo da Raíña Lupa.

Convento do Carme, 1752, antigo mosteiro carmelita, hoxe ocupado polos PP. Do-

terior imaxe pétreo do Santo e sartego do coengo Gregorio (s. XV). Sostén a tradición xacobeá que nas penas predicou o Apóstolo Santiago e que fixo brotar a fonte co seu bastón.

Iria Flavia

Desde a máis remota antigüidade foi un foco irradiador de cultura. Antigo núcleo prerromano, colonizado no s. I d.C. polos romanos. Mansión romana da vía XIX (s. I). Nos anos 69-70 d.C. o emperador Vespasiano concédelle o *ius latii*. Sé episcopal desde o século V ata o 1095. Colexiata ata 1895, a partires desta data Parroquia Maior, dedicada a Santa María. Un dos primeiros templos marianos do mundo, reconstruído no século XVIII. Na portada, tímpano gótico no que se representa a Anunciación, no frontal escudo do Cabido de Iria. O campanario é piramidal. No interior, sartegos do Corpo Santo e do arcebispo Rodrigo de Luna (s. XV). O altar maior de estilo churrigueresco, con imaxe en xisto da Virxe e o Apóstolo de xeonllos. Enreixado de ferro barroco, no que están esculpidos os doantes. Capelas laterais, do arcebispo de Quito (s. XVII) e da Virxe de Belén. No adro, cemiterio de Adina, no que estivo enterrada Rosalía de Castro desde 1885-1891 e ao que fermosamente cantara nas súas poesías.

A tumba do Premio Nobel Camilo José Cela (1916-2002) e dous artísticos cruceiros.

Fundación Camilo José Cela. Antigas casas dos Coengos (século XVIII). Alberga o legado do Premio Nobel de Literatura 1989 e importantes obras de arte. **O Museo do Ferrocarril**, en recordo do bisavó de don Camilo, construtor da primeira liña ferroviaria Cornes (Santiago)-Carril (Vilagarcía) en 1873 e o Museo de Arte Sacro.

Casa Museo de Rosalía de Castro. Monumento Histórico Artístico desde o 7 de outubro de 1946. Casa Museo desde 1972. Nas súas dependencias faise un percorrido pola vida e obra da poetisa (1837-1885).



Igrexa de Iria Flavia.



Vía Crucis de subida ao Santiaguíño.



Casa museo de Rosalía de Castro. A Matanza.



O Pazo do Vinculeiro. Extramundi.



Santuario da Nosa Señora da Escravitude.

Encanto e tradición do Padrón rural

Lugar de Extramundi

Pazos privados da Torre do Monte (s. XV) e do Vinculeiro (s. XVIII).

Lugar da Ponte

Antigo peirao comercial ata finais do século XIX. Paseo fluvial e área recreativa na confluencia do río Sar co Ulla.

Parroquia de Santa María de Herbón

Igrexa románica (s. XII), mandada construír polo arcebispo Xelmírez. Mosteiro Franciscano de Herbón (s. XIV), antigo colexio misioneiro. No que viviu o poeta medieval Juan Rodríguez del Padrón, destaca a igrexa cun fermoso retablo no que traballaron os principais escultores galegos do s. XVIII e XIX. As pesqueiras romanas de Lampreas no río Ulla e os invernaoires de pementos.

Parroquia de San Pedro de Carcacia

Lugar de nacemento do poeta medieval Macías ou Namorado.

Calvario de Xuane, século XVIII.

Falla do Monte Lapido, escavada en roca polo río Ulla.

Lampreiras e Couto salmoneiro de Sinde.

Parroquia de Santa María de Cruces

Santuario da Escravitude, obra de José San Martín; as orixes remóntanse ao século XVI,

construído maioritariamente no século XVII e rematado definitivamente no 1885. Exteriormente destacan as altas torres e a escalinata. No interior, o retablo do altar maior. Igrexa Parroquial de estilo románico, reformada ao longo dos séculos.



Pesqueiras romanas de Herbón.



Igrexa románica de Santa María de Herbón.



Cruceiro de Xoane. Carcacia.

CALENDARIO FESTIVO

- Entroido de Carcacia, cos famosos xeneais.
- Festas Patronais de Pascua e "Pascuilla". Coincide coa Semana Santa (marzo-abril).
- San Xoan do Raio, patrón do Concello: 6 de maio.
- Corpus: 60 días logo da Pascua.
- San Pedro (Carcacia): finais de xuño.
- Romaría de Santiaguíño do Monte: 24 e 25 de xullo.
- Festa do Pemento (Herbón): 1º sábado de agosto.
- A nosa Señora e San Roque (Iria): 15 e 16 de agosto.
- Virxe da Escravitude: 8 de setembro.
- Romaría da Virxe da Mercé (Bandín-Carcacia): 24 de setembro.
- O Rosario (Padrón): outubro.
- O Rosario (A Escravitude): outubro.
- A Traslato (Padrón): 30 de decembro.

FUNDACIÓNS

Fundación Camilo José Cela

Teléfono: 981 810 348 / Fax: 981 810 453

Fundación Rosalía de Castro

Teléfono: 981 811 204

HORARIOS DE MUSEOS

Casa-Museo de Rosalía de Castro

Horario de inverno: Martes a Sábado: de 10:00 a 13:30 h. e de 16:00 a 19:00 h.
Horario de verán: Martes a Sábado: de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Domingos e festivos: de 10:00 a 13:30 h. • Luns pechado. • Prezo de entrada: 1,50€

Fundación Camilo José Cela

Horario de inverno: Luns a Xoves: de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.
Venres: de 10:00 a 14:00 h.
Horario de verán: Luns a Venres: de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.
Prezo de entrada: 8€

Igrexa parroquial de Santiago de Padrón

Mañás: 10:00 a 12:30 h (misa ás 9:30 h) • Tardes: 16:30 a 20:30 h (misa ás 21:00 h)
Domingos: 11:00 a 11:45 h (misas ás 10:00 e ás 12:00 h).

Igrexa parroquial de Santa María a Maior de Iria Flavia

Mañás: 11:00 a 13:30 h • Tardes: 17:00 a 19:30 h

Convento do Carme

19:30 a 20:00 h

Convento de Herbón

Mañás: 9:00 a 13:00 h • Tardes: 16:00 a 20:30 h

Santuario da Escravitude

Mañás: 9:00 a 10:00 h • Tardes: 18:30 a 21:00 h • Misas: 20:30 h (sábados 20:00 h)



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello: 981 810 451 / Oficina de Turismo: 627 210 777 / Policía Local: 981 810 247 / Garda Civil: 981 810 091

Centro Médico: 981 810 303 / Centro Social Auditorio: 981 811 329

Convento PP Dominicos: 981 810 044 / Convento PP Franciscanos: 981 811 704

Paradas de taxis: Rúa Real: 981 810 295 / Avda. de Compostela: 981 811 459



**CONCELLO
D PADRÓN**
Concellería de Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO